

PLAN DE TRABALLO 2024



A **Educación Social** é unha profesión con identidade propia, con base científica e demostrable, e con métodos de traballo que se desenvolven en ámbitos de acción-intervención específicos.

A equipa actual de Xunta de Goberno tomou o relevo no ano 2022 de representación da profesión en Galicia para manter e reforzar redes e sinerxías que apoien a construción do camiño de transformación que promove esta profesión.

Avanzar neste dereito da cidadanía, avanzar coa Educación Social, precisa de soporte da colexiación para manter fortes vinculacións coa cidadanía.

Facer profesión, facer Educación Social, precisa dun esforzo conxunto entre nós, con e para a cidadanía.

Xunta de Goberno 2024



“Dereito da cidadanía que se concreta no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos educativos e accións mediadoras e formativas, que son o ámbito de competencia profesional do educador e da educadora social” (ASEDES, 2008).

A través desta **equipa de Xunta de Goberno e a equipa de traballo** que conforma o CEESG centrámonos en:

- **Visibilizar a Educación Social** na cidadanía, reforzando o traballo de incorporación da Educación Social nas administración locais e entidades sociais, achegándoa á cidadanía.
- Reforzar a esencialidade da Educación Social a través de:
 - ✓ **A identificación da profesión pola cidadanía.** A promoción e achegamento da Educación Social á cidadanía constitúe a base das nosas actuacións.
 - ✓ A promoción da profesión a través dun proceso claro e definido de **formación de calidade** e representación visibilizada, para lograr esta presenza.
 - ✓ **Representación provincial da Xunta de Goberno.** A través da proximidade das persoas que representamos esta Xunta de Goberno, espalladas polo territorio, daremos voz á colexiación e ás propostas presentadas.

AS TOXAS: A EQUIPA

O compromiso desta equipa é a **representación visible** no conxunto da colexiación, cidadanía, entidades e administracións.

Mantendo como guía o marco que establece o *Decreto 230/2006, do 30 de novembro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia*, os nosos principios de actuación son:

- Promover o recoñecemento social e profesional da Educación Social a través da representación dos intereses profesionais das persoas colexiadas, especialmente nas súas relacións coa Administración.
- Ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas e modalidades.
- Defender os intereses profesionais das persoas colexiadas.
- Velar para que a actuación das persoas colexiadas corresponda aos intereses e necesidades da sociedade en relación co exercicio da profesión.
- Garantir o cumprimento da boa práctica e das obrigas deontolóxicas da profesión.
- Protexer os intereses das persoas usuarias e consumidoras dos servizos profesionais.

Esta equipa seguirá caracterizándose por:

- A responsabilidade social e reivindicativa na defensa da Educación Social.
- O compromiso coa ética e o código deontolóxico da nosa profesión.
- A transparencia e a pluralidade.
- A participación, o carácter proactivo e propositivo, achegando propostas tecnicamente argumentadas e de valor ético, político e socioeducativo.
- O traballo en rede entre profesionais, aberto e colaborador con outras entidades e profesións relacionadas coa intervención social e coa comunidade.
- A utilidade e a eficiencia, dando resposta ás demandas e preocupacións das persoas colexiadas e non colexiadas, así como ao resto da cidadanía.

- A actualización. Un colexio visible e empoderado.
- A horizontalidade, construíndo e transformando en equipo.

Sementes

- Perspectiva de xénero na intervención socioeducativa dende a Educación Social: formación e divulgación.
- Incorporación de figura profesional como profesionais de Centros de Información ás Mulleres (CIM) de Galicia.

Feminismo e Diversidade sempre presentes nas nosas actuacións.

A PRANTA

O CEESG confórmase a través de dous Espazos definidos: Xunta de Goberno e Eixos de traballo.

XUNTA DE GOBERNO

Tarefa: Representación da colexiación.

A Estrutura da Xunta de Goberno Está distribuída en tres Eixos de Traballo, coordinadas polas compoñentes da Xunta Permanente do CEESG.

Manter unida á colexiación é necesario e favorecerase a través da representación colexial espallada polo territorio, co principio de actuación centrado en estar preto das persoas e na realización dunha eficaz e eficiente representación.

- Presidencia: Sonia María González Rodríguez
- Vicepresidencia: Rocío Núñez Rúa
- Secretaría: Alfonso Tembrás López
- Tesouraría: Rodrigo Gil Cedillo
- Vogal: Jesús Deibe Fernández Simo
- Vogal: Pilar Ramallal Fernández

- Vogal: Noelia Rodríguez Álvarez
- Vogal: María Jesús Segade Conde
- Vogal: María del Carmen Zamora Castro

Tras a conformación inicial da equipa temos a intencionalidade de incorporar neste ano novas figuras que apoien a representación cunha estratexia clara de representación en todo o territorio e visibilización nas entidades.

ESPIÑAS / EIXOS DE TRABALLO

Traballamos a través de tres espiñas interdependentes (Eixos), unha principal que de xeito transversal e a través da representación funcione de fío condutor.

- **ESPIÑA 1/EIXO PRINCIPAL: Acción Profesional e Sociolaboral.**
- **ESPIÑA 2/EIXO 2: Desenvolvemento Profesional.**
- **ESPIÑA 3/EIXO 3: Participación Colexial.**

ESPIÑA 1/EIXO PRINCIPAL: ACCIÓN PROFESIONAL E SOCIOLABORAL.

O punto forte da nosa profesión é a **presenza continuada nunha atención centrada na persoa en todos os ámbitos de intervención social**, polo que o noso labor céntrase en **facer visible a nosa intervención e posibilitar que esta presenza se garanta normativamente.**

Destinada a reforzar a calidade da nosa profesión, centrada na súa regularización e recoñecemento social.

Centrada na busca dunha maior presenza da nosa profesión.

Dignificar a profesión é unha das nosas teimas na busca de mellores condicións laborais no ámbito público e no exercicio libre.

Tarefas principais:

- Representación nas Administracións públicas amosando a Educación Social como eixo fundamental das Políticas Públicas.
- Difusión da Educación Social no ámbito privado: entidades, profesionais emprendedoras e de exercicio libre.
- Impulso da Educación Social en ámbitos de acción emerxentes.
- Impulsar accións de Educación Social e Escola: Campaña acoso Escolar e accións de bo trato e formación específica nesta área.

Obxectivos Específicos:

- Realizar o seguimento das disposicións legais e convenios en materia social e educativa onde se regularice a figura profesional e a situación laboral da Educadora e do Educador Social, así como da súa aplicación.
- Difundir a Colexión obrigatoria na nosa Comunidade.
- Lograr a plena incorporación da figura do/a Educador/a Social na Lei de Emprego Público.
- Reclamar a incorporación nas Relacións de postos de traballo das distintas administracións públicas.
- Demandar a incorporación da nosa figura profesional nos ámbitos propios da profesión: educación, igualdade, animación sociocultural, diversidade funcional, saúde mental ...etc.

Sementes:

1. Ámbito público:

- Xuntanzas coas Educadoras Sociais de Concellos de Galicia.
- Xuntanzas cos Concellos para incidir na importancia da presenza da Educación Social e do cumprimento da normativa vixente.
- Servizos de Educación e Apoio Familiar (SEAFs): Promover a presenza da Educación Social en todas as equipas de Servizos Sociais dos concellos e provincias.

- Centros de Información ás Mulleres (CIMs): Reivindicar a necesaria e imprescindible presenza da Educación Social para asegurar o acompañamento socioeducativo que podemos e debemos ofrecer, ademais da intervención dende a prevención.
- Seguimento e difusión das ofertas de emprego público e de convocatorias e prazas de Educador/a Social na Administración Pública, así como na iniciativa privada e no terceiro sector.
- Elaboración de temarios específicos para os postos de *Educadoras/es Sociais* nas convocatorias de emprego público da Administración pública.
- **Reformulación do convenio coa Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para prestar apoio socioeducativo que precisen as fillas e fillos orfas/os das vítimas mortais da violencia de xénero en Galicia, como ás persoas que asuman o seu coidado.**
- Participación e representación no *Consello Galego de Benestar Social*.

2. **Ámbito privado:**

- Xuntanzas con entidades do terceiro sector para difusión e favorecer a colexiación das profesionais nas entidades.
- Campaña de visibilización da Educación Social: ANPAS, centros de día, cooperativas... etc.
- Difusión Bolsa de empresas de Educación Social.
- Difusión da ES na Mediación: familiar, comunitaria e no ámbito xudicial.
- Convenios con entidades de intervención dende a Educación Social.

3. **Sindicatos.** Comunicación cos sindicatos na procura da presenza destes nas entidades e como garantía de condicións laborais adecuadas.

4. **Universidade.** Coordinación e colaboración Estable coa Universidade.

Mantemento da nosa representación na **Comisión mixta interuniversitaria**

para a revisión dos planos de estudo de Educación Social.

5. **Especialización.** Elaboración dunha bolsa de Educadoras/es Sociais Especializadas/os nos distintos ámbitos.

6. **Representación e participación estable,** en foros relacionados coa profesión, eventos da Administración Pública e outras entidades relacionadas co campo socioeducativo.

ESPIÑA 2/ EIXO 2: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

Tarefas principais:

- Mellora da calidade formativa da colexiación coa organización dun **Plan de Traballo anual e unha previsión plurianual** que integre as necesidades da profesión.
- Visibilización da profesión a través de distintas xornadas e congresos, entre outros eventos.
- Propostas claras de **tribunais compostos de Educadoras/es Sociais e temarios de Educación Social.** Realización dunha bolsa de Educadoras/es Sociais expertas/os por provincias.

Obxectivos Específicos:

- Diseñar e implementar actividades de formación continua.
- Favorecer as relacións con outros Colexios Profesionais en aras de asegurar a sororidade interprofesional: Terapia Ocupacional, Logopedas, Psicoloxía, Traballo e Integración social, ...etc.
- Colaborar con entidades galegas de interese social.
- Participar en proxectos de investigación que promovan cambios sociais a prol da igualdade, dos dereitos da cidadanía e da xustiza social.
- Acompañar aos Grupos de traballo do CEESG nos procesos de cambio que

se van xerando.

- Realizar unha acción formativa e/ou divulgativa anual no campo da busca activa de emprego.

Sementes:

- Realización de mapa da Educación Social en Galicia.
- Colaboración coa Universidade: contacto directo, actualización e reciclaxe da formación.
- Diagnose de demandas formativas da profesión en colaboración coa Universidade.
- Programas de Prácticas de e pola Educación Social.
- Desenvolvemento de materiais clave para a profesión, favorecendo a incorporación nos distintos territorios.
- Mantemento de colaboracións con outras entidades para a realización de formacións e bonificación de cotas en actividades que poidan interesar ás persoas colexiadas.

ESPIÑA 3 /EIXO 3: PARTICIPACIÓN COLEXIAL

Tarefas principais:

- Mantemento da información á colexiación a prol da mellora profesional.
- Facilitación de vías de participación, a través dos Grupos de Traballo do CEESG e de outras canles, a prol da mellora profesional e de promoción da forza colexial.
- Xeración de novos espazos de diálogo coa colexiación (encontros profesionais, xuntanzas técnicas, webinarios, mesas de traballo...etc).

Obxectivos Específicos:

- Promocionar os actos, eventos e concursos existentes para favorecer a participación colexial.

- Publicar e dar a coñecer, en distintos formatos, experiencias, traballos académicos e material arredor da Educación Social.
- Estreitar a colaboración coas Universidades e co estudantado para favorecer un coñecemento mutuo. Mantemento e reforzo dos Puntos de Información Colexial (PICs).

Sementes:

- Apoio, participación e lanzamento de campañas, en colaboración co CGCEES (ex: días internacionais).
- Canalización dos diferentes temas de actualidade e vinculación cos distintos grupos de traballo a para favorecer a presenza nos medios.
- Concurso TFG.Eduso. Entrega de premios e difusión dos traballos premiados.
- Colaboración cos Grupos de Traballo do CEESG para a emisión de comunicados en días conmemorativos relacionados coa profesión.
- Edición e publicación de materiais de difusión da Educación Social.
- Celebración DIES 2024 en colaboración co estudantado de Educación Social: Convivencia Profesional - Encontro Galego da Educación Social, **Xurés 2024.**

PUNTOS DE INFORMACIÓN COLEXIAL PICs

Os PIC constitúen un **Espazo de referencia** para a comunicación entre as diferentes Universidades galegas onde se imparte a titulación de Educación Social e o CEESG. Achegando, de xeito áxil e próximo, información, propostas, campañas e actuacións do propio Colexio ao estudantado e á comunidade universitaria en xeral.

Reforzaremos os PICs a través das delegadas territoriais, a través da visibilización e contacto continuado do CEESG coas profesionais en formación. Nesta nova andaina reforzase a comunicación co estudantado de Educación Social das universidades galegas e a súa participación convivencial, a través de

propostas para a súa retroalimentación con figuras profesionais de diferentes ámbitos da Educación Social.

Sementes:

- Reunións cuatrimestrais co alumnado dos PICs.
- Actividades de promoción da Educación Social.

GRUPOS DE TRABAJO

Os Grupos de Traballo constitúen unha das vías de participación e un elemento fundamental do CEESG.

Serán a vía principal de participación e encontro da profesión colexial:

- Coordinación profesionalizada dos Grupos de Traballo. Elemento clave para posibilitar e incrementar os procesos de participación colexial.
- Daráselles maior protagonismo a través de tarefas concretas e representación, co acompañamento da Xunta de Goberno.

Sementes:

- Xeración de contido en redes e web do CEESG con materiais asociados aos Grupos de Traballo. Periodicidade mensual.
- Webinar: Creación de rede de Educadoras/es Sociais por Grupos de Traballo. Periodicidade semestral.

Actualmente existen **5 grupos en activo:**

- Grupo de Traballo de Igualdade: Fiadeiras.
- Grupo de Traballo de Intervención Socioeducativa con Familias, en Infancia e Adolescencia: fusión aBeira e Escravellando.
- Grupo de Traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural.
- Grupo de Traballo de Saúde: Miolo.
- Grupo de Traballo de Estudos e Intervención Xeragóxica: Geix.

Traballar na andaina doutros grupos profesionais e/ou espazos de encontro en distintas áreas :

- Educación Social na Educación
- Educación Social e Prisións
- Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental: A Eira do CEESG.
- Diversidade Funcional: CEESG en Diverdade.
- Educación Social e Dereitos Sociais: Renda Básica como dereito da cidadanía.

INTEGRANTES DOS GRUPOS DE TRABALLO E ACCIÓNS PREVISTAS PARA O 2024:

Grupo de Traballo de Igualdade, Fiadeiras:

- Eva Bastón Martínez, colex. 3316
- Noelia Darriba García, colex. 3879
- Natalia Domínguez Galán, colex. 0398
- Raquel López Fernández, colex. 3308
- Tania Merelas Iglesias, colex. 3539

Accións:

- Presentacións da guía “Son de fiar”, tendo ós diferentes Colexios Profesionais do CGCEES e Universidades como público obxectivo prioritario.
- Xornadas A Educación Social feminista pola Cultura de Paz.
- Punto Lila no Día Internacional da Educación Social. Xurés.
- Representación Ceesg no Observatorio Galego de Violencia de Xénero como Vogal.
- Representación Ceesg no grupo de Traballo 3 “Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo” e Subgrupo técnico 3.
- Referentes na “Comisión Género y Diversidad. CGCEES”.

- Representación Ceessg na Mesa local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero. Concello de Santiago de Compostela.

Grupo de Traballo de Intervención Socioeducativa con Familias, en Infancia e Adolescencia: fusión aBeira e Escravellando

- Gabriel Aúd Vázquez, colex. 5351
- José Luis Carballo Iglesias, colex. 5224
- Rosalía Castro Sabugueiro, colex. 0116
- Mónica Fernández Gesteira, colex. 3338
- Jesús Deibe Fernández Simo, colex. 4851
- Sonia González Rodríguez, colex. 3402
- Eva Moldes Casal, colex. 3195
- Rocío Núñez Rúa, colex. 3867
- María Quintas Sotelo, colex. 3941
- Yolanda Torre Sarmiento, colex. 5507

Accións:

- Difusión en redes sobre temas de interese. Compartir publicacións do CEESG, sobre o noso ámbito ou de temas transversais.
- Participación na difusión de accións formativas previstas e Informe Socioeducativo (ISE), a través do Matias.
- Favorecer a implantación e uso do Modelo ISE a través da participación no Grupo de Traballo da Xunta de Galicia Historia Social Única.
- Presentación de listaxe de Educadoras/es Sociais nos Servizos de Educación e Apoio Familiar (SEAF) e Xefaturas Territoriais, para o traballo en rede do ISE.
- Formación Externa:
 - ✓ Proposta formativa ás Deputacións Provinciais, a incluír na súa formación continua ás traballadoras/es, tanto da propia Deputación

Provincial como da

Administración Local, para a incorporación do Modelo ISE.

- ✓ Formación do Modelo ISE.
- ✓ Formación-Webinar de Intervención familiar nos SEAFs.
- Xornada de debate sobre Infancia, Exclusión Social e Medio Rural.
- Participación/asistencia en encontros, cursos, xornadas e outros eventos relacionados coa Infancia e Adolescencia.
- Actividade no Facebook relacionada coa temática dos Grupos de Traballo e co CEESG en xeral.

Grupo de Traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión

Cultural

- Iván García García, colex. 3831
- Fernando Lavandeira Suárez, colex. 5251
- Natividad Lorenzo Campos, colex. 5255
- Lucía Mosquera Miramontes, colex. 0109
- Santiago Nieto Romarís, colex. 3317
- Vanessa Otero Dios, colex. 5585
- Javier Riádigos Couso, colex. 5500

Accións:

- Publicacións periódicas en redes sociais.
- Asistencia e participación a espazos de debate e formación sobre a temática do grupo de traballo.
- Contacto coas facultades que imparten Educación Social para analizar a oferta formativa en Animación Sociocultural e Xestión Cultural.
- Encontro de reflexión-formación sobre o ámbito.
- Espazo CAM (Comparte, Asesora, Muda) sobre situacións laborais, relacións de postos de traballo, convocatorias de prazas...etc.

- Proposta de programa piloto de alfabetización dixital como canle de participación veciñal nos Concellos.

Grupo de Traballo de Saúde, Miolo:

- Sara Alba Gómez, colex. 4927
- Laura Casal Figueroa, colex. 0110
- Tamara Ramos Tato, colex. 5417
- Manuel Rodríguez Iglesias, colex. 0184
- Alfonso Tembrás López, colex. 0103

Accións:

- O Mapa de Recursos Humanos “*Educación Social e Saúde Mental/Adiccións*”. Suxerir ás entidades que non contén coa nosa figura, a súa incorporación.
- En colaboración coa Eixo de Desenvolvemento Profesional: procura de formación relacionada co ámbito da Saúde Mental e Adiccións.
- Participación ou asistencia a xornadas que teñan que ver coa temática da Saúde Mental ou adiccións.
- Colaborar nas liñas Estratéxicas da Xunta de Goberno de forma permanente.
- Continuar coa petición á Consellería de Sanidade ata que esta sexa acadada.
- Elaborar Comunicado polo Día Mundial da Saúde Mental.

Grupo de Traballo de Estudos e Intervención Xeragóxica, Geix

- Selene Arias Sáez, colex. 5208

- María Esther Pérez Enríquez, colex. 3337
- Mónica Serrano Soto, colex. 3795
- Laura Vilaboy Romero, colex. 3873
- M. Vanessa Villar Armada, colex. 3440

Accións:

- Posicionamento respecto do Convenio colectivo de residencias privadas de terceira idade de Galicia, solicitando o recoñecemento da categoría Educador/a social no mesmo.
- Realización dunha acción conxunta coa Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria (SGXX).
- Revisión dos convenios de colaboración existentes con entidades.
- Reivindicación da creación da categoría de Educador/a Social no Convenio colectivo de Residencias Privadas da Terceira Idade a nivel autonómico e tamén da súa referencia fundamental nas residencias públicas.
- Continuidade na *Comisión de Envellecemento Activo, ALV e Intergeneracionalidad* do CGCEES.
- Deseño dun documento profesionalizador do Decálogo do traballo socioeducativo coas persoas maiores polas Educadoras e Educadores Sociais.
- Formación aos Grupos de Traballo do CEESG sobre Mapa de Recursos, en base a obxectivos que se marquen dende a Xunta de Goberno do CEESG.
- Continuidade co Facebook e blog.
- Apoio nas accións levadas a cabo polo CEESG e encomendas solicitadas.
- Realización dun acto/acción para conmemorar o Día das Persoas maiores.

OUTROS ESPAZOS

Delegacións territoriais

Asume as relacións institucionais e de representación na provincia e/ou territorio. Realízase a través de representación da persoa da Xunta de Goberno asociada a ese territorio para a dinamización e atención da colexiación nesa zona dende a proximidade.

Comisión Ética e Benestar Profesional

Esta Comisión ten a finalidade de impulsar e asentar as cuestións éticas e de coidado no CEESG, velando por unha praxe socioeducativa coherente cos principios e valores que se derivan do noso código deontolóxico e promovendo estratexias que melloren as cotas de benestar da comunidade profesional da Educación Social.

Espazo Autocoidado e Supervisión

Nos últimos tempos fíxose se cabe máis patente a necesidade de autocoidado e coidado profesional e esta será unha das nosas teimas, porque “para coidar hai que coidarse” e manter unha colexiación coidada entendemos que favorece a calidade das nosas profesionais.

Favoreceremos a participación, a través deste Espazo, de entidades que no territorio e vencelladas á Educación Social traballan neste labor, e con Espazos de coidado nas accións formativas e de convivencia propostas.

Espazo Dialoga

O CEESG participa, xunto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, nun Espazo de traballo en rede onde construír liñas de acción en común con profesións do eido social, ademais de dar a coñecer a nosa profesión.

Proposta de iniciar a xeración de novas redes de sororidade interprofesional e aprendizaxes conxuntos.

REGO DA PRANTA

Para operativizar os obxectivos formulados, mantemos a liña de actuación iniciada con esta Xunta de Goberno.

COMUNICACIÓN

A través da Educadora Social do CEESG e do apoio externo mantense unha liña clara de visibilización mediática da profesión.

Cada eixo está en permanente contacto con comunicación, para favorecer a visibilización de cada un dos ámbitos de traballo da Educación Social.

Mantemos a realización de forma sistemática e presentación de informes sobre a Educación Social e os seus espazos relevantes, para mostrar o noso posicionamento ante a opinión pública e como medio de facer Educación Social nos medios.

Mantemento de redes sociais como vía de facer presente a profesión á cidadanía e información á colexiación.

Mantemento de páxina web e uso por parte da colexiación e Grupos de Traballo do CEESG.

Mantemento e reforzo do concurso de Traballos de Fin de Grao de Educación Social.

Promoción da participación colexial en redes e espazos de formación.

ESPAZO FÍSICO COLEXIAL

A necesidade de facer rede nesta profesión precisa dun achegamento claro da profesión ao CEESG, reforzando o papel dos recursos humanos cos que contamos e valorando o incremento destes recursos.

Este reforzo realizámolo mantendo a **nova contratación do Educador Social** no CEESG e ampliando neste 2024 as horas de dedicación do mesmo.

PORTELO ÚNICO

Este novo Espazo xerará entre a colexiación unha vía necesaria para manter a activación da mesma e axilizar todos os procesos relacionados coa colexiación.

Implementa ó longo de todo o ano a aula virtual facilitando a formación en liña da colexiación.

VISIBILIZACIÓN NO CGCEES

Participación na Xunta de Goberno do CGCEES. O CEESG forma parte da mesma desde a súa creación asumindo diferentes encargos, actualmente asume a Vicepresidencia do CGCEES como maneira de visibilizar a profesión e dar importancia á colaboración e traballo en rede dos diferentes colexios profesionais.

Como integrantes do CGCEES, participación nas Asembleas Xerais e Xuntas de Goberno que se convoquen ao longo do ano, así como colaboración nas diferentes iniciativas impulsadas polo Consello.

Ademais, mantemos a participación en diferentes vogalías e comisións:

- Vocalía de Situación Profesional y Sociolaboral
- Comisión de Envejecimiento Activo, ALV e Intergeneracionalidad
- Comisión de Ética y Deontología
- Comisión de Género y Diversidad
- Comisión de Servicios Sociales

O CEESG participa ademais na **Comisión de Unificación de Procedimientos y Documentos comunes.**

Valorarase a incorporación noutras comisións do CGCEES en función da demanda, ademais de ser referentes de comunicación e apostar pola difusión do Modelo de Informe Socioeducativo (ISE) como ferramenta propia da Educación Social, a nivel Estatal.

Ademais, asúmense a seguinte coordinación:

- **Coordinación do Comité de Comunicación:** Comité Técnico que se encarga das ferramentas comunicativas do Consejo: Eduso.net, páxina web de CGCEES, Revista RES, Twitter, Facebook, Youtube e Instagram.
- **Coordinación de Referentes de Comunicación:** persoas integrantes das Xuntas de Goberno dos diferentes colexios profesionais que serve de enlace para publicitar as novas do CGCEES:

- 1.1. Plan de Comunicación.
- 1.2. Conmemoración de Días Internacionais.

ANEXO: Plan de Formación 2024

Este plan é flexible e está suxeito a posibles modificacións e actualizacións ao longo do ano.

- 6 de marzo: **O tempo compartido en familia.** Xornada de Educación familiar.

Xornada: 4 horas.

- 16 de marzo: Obradoiro sobre a **Lei Orgánica de Protección de Datos e o seu desempeño profesional na Educación Social** durante a asemblea do Ceesg.

Obradoiro: 1 hora.

- 3 de abril: Xornada: "**Corpos e territorios en paz: Educación social e Cultura de paz**".

Xornada: 3 horas.

- 3 de abril a 24 de abril: Curso de **Detección e actuación integral ante a violencia sexual contra a infancia e adolescencia. Avanzando cara o modelo Barnahus.**

Curso: 20 horas.

- 6 de abril: Xornada técnica, **Adolescencia, tecnoloxía e adiccións dende unha perspectiva comunitaria: novos retos, escenarios e recursos.**

Xornada: 6 horas.

- 12 de abril a 7 de xuño: Curso de **Achegamento á saúde mental dende a Educación Social.**

Curso: 25 horas.

- 15 e 16 de maio: **Encontro formativo dos SEAF en Carballiño.**

Encontro-formativo: 20 horas.

- 11 de xuño a 30 de xullo: **Autocoidado emocional a través do mindfulness para Educadoras/es Sociais.**

Curso: 15 horas.

- 27, 28 e 29 de setembro: **III Convivencia Profesional e Interuniversitaria da Educación Social.**

Encontro/convivencia-formativa: 10 horas lectivas.

- Outubro: Curso **Explotación sexual na infancia e adolescencia.**

Xornada: 4 horas.

- Novembro: Curso **Atención integral a vítimas de violencia machista dende un enfoque socioeducativo + ISE + LOPD.**

Curso: 45 horas.

- Noviembre: Curso FEGAMP **Intervención Socioeducativa con violencia machista: aportes metodológicos desde la Educación Social.**

Curso: 40 horas.